



## Regulamento

### 1. ORGANIZACIÓN

A Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana está organizada de xeito conxunto polo Club de Orientación do Minho, a Confraría Trota Montes e o Municipio de Terras de Bouro, tendo como principais apoios ao Concello de Lobios e ao Municipio de Amares.

### 2. EVENTOS

O día 1 de Xuño de 2008 terán lugar de xeito simultáneo tres eventos, a Ultra Trail da Geira / Vía Nova Romana, a Carreira da Geira/ Vía Nova Romana e a ruta de sendeirismo "Águia do Sarilhão".

2.1 A Ultra Trail comeza ás 7h15 (**hora portuguesa**) e percorrerá case na súa totalidade a vía romana que unía Bracara Augusta (Braga) e Asturica Augusta (Astorga), entre a milla XII e a milla XXXVIII, cun percorrido de 45,1 km. A saída será xunto á Igrexa de Paredes Secas, Concello de Amares, pasará polo Concello de Terras de Bouro e a chegada será en Baños de Riocaldo, Concello de Lobios (Galicia-España).

2.2 Simultaneamente, celebrarase outra proba, Carreira da Geira/ Vía Nova con inicio ás 9h30 (**hora portuguesa**), cun percorrido de 17 km, con saída na Capela de S. Sebastião da Geira, próximo á milla XVII e con chegada na milla XXIX, no Museo da Geira, en Campo do Gerês, Terras de Bouro.

2.3 Haberá ademais unha Marcha con inicio ás 9h30 (**hora portuguesa**), percorrendo a ruta de sendeirismo "Águia do Sarilhão", PR 5, de aproximadamente 9km, con saída e chegada no Museo da Geira/Vía Nova.

---

#### Organización

.COM – Clube de Orientação do Minho  
Confraría Trota Montes  
Municipio de Terras de Bouro

#### Apoios

Concello de Lobios  
Municipio de Amares



### 3. INSCRICIÓN

3.1. As inscricións deben realizarse de acordo cos prazos e procedementos indicados a través dos seguintes medios:

- Polo sistema OASIS
- Por e-mail: [geral.pontocom@gMAYOI.com](mailto:geral.pontocom@gMAYOI.com)
- Por fax nº 00 351 253 257 774
- Por correo para o Clube de Orientação do Minho  
Av. Dr. António Palha, nº 85, 4715 — 091 BRAGA

3.2. As inscricións serán admitidas logo de efectuar o pago das taxas. O pago farase mediante depósito ou transferencia bancaria na conta NIB 003501710069934153036.

3.3. As inscricións pódense realizar ata o día 5 MAIO DE 2008. A data límite para aceptar inscricións é o día 20 MAIO DE 2008, sufrindo unha penalización de 5,00 € a partir do día 5.

3.4. O número de participantes na Carreira da Geira/Vía Nova Romana está limitada a 150 participantes e a Marcha a 200.

3.5. Os atletas poderán inscribirse individualmente ou representando clubs.

---

#### **Organización**

.COM – Clube de Orientação do Minho  
Confraría Trota Montes  
Municipio de Terras de Bouro

#### **Apoios**

Concello de Lobios  
Municipio de Amares



3.6. As inscricións nas probas de Ultra e da Carreira da Geira/Vía Nova Romana non da dereito ao cambio de dorsais para outro atleta.

3.7. Na eventualidade de desistir da inscrición e ata o 20 de Maio, devolverase o 50% do prezo da inscrición.

3.8. Cubrir e enviar á organización o formulario de inscrición na proba da lugar a unha declaración de aptitude física e psicolóxica por parte do atleta.

#### 4. SEGURO DEPORTIVO

Todos os participantes estarán cubertos por un seguro de accidentes persoais.

#### 5. TAXA DE INSCRICIÓN

5.1 Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana, 20,00 € ata 5MAIO2008 e 25,00 € ata 20MAIO2008.

5.2 Carreira da Geira/ Vía Nova Romana, 15,00 € ata 5MAIO2008 e 20,00 € ata 20MAIO2008.

5.3 Marcha, 10,00€ ata 5MAIO2008 e 15,00€ ata 20MAIO2008.

5.4 A taxa de inscrición inclúe seguro deportivo, utilización de sistema de control electrónico e xantar.

#### 6. CLASIFICACIÓNS

6.1 Nas probas Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana e Carreira da Geira/Vía Nova Romana haberá clasificación individual nas categorías Masculina e Feminina, sen niveis.

---

#### Organización

.COM – Clube de Orientação do Minho  
Confraría Trota Montes  
Municipio de Terras de Bouro

#### Apoios

Concello de Lobios  
Municipio de Amares



6.2 Na Marcha non hai competición, polo que non hai clasificacións.

6.3 Non hai clasificacións por equipos.

## 7. PREMIOS

7.1 Na Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana premiaranse os 5 primeiros clasificados, por categorías.

7.2 Na Carreira da Geira/ Vía Nova Romana son premiados os 3 primeiros clasificados, por categorías.

7.3 Haberá records para todos os atletas clasificados na Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana.

7.4 Haberá diplomas para todos os participantes, incluíndo a Marcha.

## 8. DESCLASIFICACIONES

8.1 Os Atletas que non cumpran o percorrido establecido.

8.2 Os Atletas que non sigan as indicacións da organización ou dos colaboradores.

8.3 Que teñan algunha conducta antideportiva.

8.4 Que teñan algunha conducta negativa.

---

### **Organización**

.COM – Clube de Orientação do Minho  
Confraría Trota Montes  
Municipio de Terras de Bouro

### **Apoios**

Concello de Lobios  
Municipio de Amares



8.5 A organización impedirá en futuras edicións, a inscrición de atletas e sendeiristas que sexan desclasificados por estes dous últimos puntos.

8.6 Haberá tempo límite de paso, cuxo control efectuarase nos postos de abastecemento e meta.

8.6.1 O tempo límite será de 6h00 para a Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana (45,1km).

8.6.2 Para a Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana haberá un control intermedio de tempo no museo da Geira/ Vía Nova Romana, en Campo do Gerês, impedirse continuar a carreira aos atletas que excedan 3h30 (26,70km).

8.6.3 O tempo límite será de 2h30 para a Carreira da Geira / Vía Nova (17,4km).

## 9. SECRETARÍA

9.1 A secretaría funcionará no Museo da Geira/ Vía Nova o día 31MAIO2008, entre as 15h00 e as 22h00 e o día 1XUÑ2008 a partir das 07h30.

9.2 Todos os atletas deben traer documento de identificación e catro alfinetes.

## 10. TRANSPORTE DOS ATLETAS

---

### Organización

.COM – Clube de Orientação do Minho  
Confraría Trota Montes  
Municipio de Terras de Bouro

### Apoios

Concello de Lobios  
Municipio de Amares



10.1 Os atletas que participan na Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana e na Carreira da Geira/ Vía Nova Romana serán transportados desde a Secretaría (Museo da Geira/ Vía Nova) ata os lugares de saída ás 5h30 e ás 8h15, respectivamente.

10.2 Haberá transporte para os atletas da Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana desde a meta ata a Secretaría.

10.3 Unha mochila por atleta será transportada desde a saída ata a meta. Serán distribuídas etiquetas identificadoras da equipaxe que se corresponderá co nº do dorsal.

10.4 A meta da Carreira da Geira / Vía Nova está á beira da Secretaría.

10.5 A saída e chegada dos sendeiristas é o lugar da Secretaría, polo tanto non necesitan transporte.

## 11. BAÑOS

11.1 Os atletas Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana terán dereito a gozar dun baño ao final da proba no Hotel Termal Caldaria, en Baños de Riocaldo, Lobios ( Galicia- España).

11.2 Os atletas da Carreira da Geira/ Vía Nova terán dereito a gozar de baño ao finalizar, no Parque de Campismo de Cerdeira.

---

### **Organización**

.COM – Clube de Orientación do Minho  
Confraría Trota Montes  
Municipio de Terras de Bouro

### **Apoios**

Concello de Lobios  
Municipio de Amares



## 12 ABASTECIMENTOS

12.1 Haberá abastecemento para os atletas da carreira Ultra Trail Geira / Vía Nova Romana en Sta Cruz, milla XIV, S. Sebastião da Geira, milla XVII, Travassos, milla XXI, á entrada de Covide, milla XXV, Museo da Geira/ Vía Nova, milla XXVII, Bouça da Mó, milla XXX e en Portela do home, milla XXXIV.

12.2 Os atletas da Carreira da Geira/ Vía Nova poden utilizar os abastecementos colocados no itinerario.

12.3 Non se poderán acompañar aos atletas por medios de transporte, incluído a bicicleta.

## 13. APOIO E URXENCIA

13.1 Haberá equipos de apoio, socorro e urxencia para prestar coidados aos participantes que o necesiten.

13.2 Existirá un plan de urxencia que prevé o traslado dos atletas accidentados.

13.3 A organización non se responsabiliza da condición física dos atletas, por calquera accidente ou outro dano sufrido antes, durante ou logo da realización da proba, salvo aqueles accidentes que se atopen cubertos polo seguro da proba.

## 14. DIVERSOS

---

### **Organización**

.COM – Clube de Orientação do Minho  
Confraría Trota Montes  
Municipio de Terras de Bouro

### **Apoios**

Concello de Lobios  
Municipio de Amares



- 14.1 Todos os atletas terán que correr polas beiras das estradas ou camiños por onde circulen vehículos e terán que ter os necesarios coidados para evitar accidentes.
- 14.2 Ao final haberá un xantar de confraternización para todos os participantes a partir das 13h30 onde terá lugar a cerimonia da entrega dos premios (15h30).
- 14.3 Os casos omitidos neste regulamento, serán resoltos pola comisión organizadora. Para estas decisións non existirá recurso

---

**Organización**

.COM – Clube de Orientação do Minho  
Confraría Trota Montes  
Municipio de Terras de Bouro

**Apoios**

Concello de Lobios  
Municipio de Amares